

OS CABALEIROS BRANCOS

142

[Joachim Lafosse, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 19.08.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Les chevaliers blancs (2015, 112')

Dirección: Joachim Lafosse

Guión: Zélia Abadie, Bulle Decarpentries

Reparto: Vincent Lindon, Louise Bourgoïn, Valérie Donzelli, Reda Kateb, Yannick Renier, Stéphane Bissot, Tatiana Rojo, Philippe Rebbot, Tibo Vandendorre, Jean-Henri Compère

Montaxe: Sophie Vercausse

Son: Christophe Giovannoni

Fotografía: Jean-François Hensgens

Dirección de arte: Anne-Sophie Delaunay

Vestuario: Pascaline Chavanne

Produtora: Versus Production, Les Films du Worso (Bélxica)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés / Inglés / Árabe

FILMOGRAFÍA

After Love, 2016

Perder la razón, 2012

Avants les mots, 2010 [curtametraxe]

Élève libre, 2008

Propiedad privada, 2006

Se le hace feliz, 2006

Folie privée, 2004

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2015 (mellor director e sección oficial), Toronto 2015 (sección oficial)

SINOPSE

Jacques Arnault é o presidente da ONG Sud Secours. A súa próxima operación é unha das máis ambiciosas que levou a cabo: sacar de Chad a 300 nenos orfos vítimas da guerra civil. Para iso van levar un avión charter desde Francia con voluntarios vocacionais que dispoñen dun mes para encontrar aos nenos e entregalos, posteriormente, a franceses que tramitaron solicitudes de adopción.

«Unha magnífica parábola arredor das auténticas relacións entre África e Europa»

Jean-Christophe Rufin, LE POINT



OS CABALEIROS BRANCOS

[Joachim Lafosse, 2015]

“O camiño ao inferno atópase pavimentado de boas intencións”

Entrevista a Joachim Lafosse
Por Stephen Saito

Como te interesaches polo proxecto?

Gústame a idea de que o camiño ao inferno se atope pavimentado de boas intencións. Con esta historia real, tiña a posibilidade de facer un filme de aventuras sobre a axuda ao pobo africano introducindo a reflexión sobre o que significa África para os brancos occidentais. É só un exemplo entre moitos posíbeis, mais este é o caso que tivo máis impacto en Francia. Foi unha grande oportunidade poder tratar este tema cun grupo de xente a coexistir nunha contorna cinematográfica interesante, que funcionaba de plataforma para que o espectador puidese libremente sacar as súas propias conclusións sobre as accións da axuda humanitaria.

Como chegaches á proposta visual final? Hai moitos planos secuencia porque é difícil que todo o mundo estea en cadro ao mesmo tempo.

Tiña a intención de mostrar visualmente a inmensidade do deserto tal cal é. Os personaxes atópanse nun medio ao que non pertencen e hai ás veces un sentimento do absurdo ao ver a todos estes homes no deserto, mais tamén propoño un contraste, con planos máis pechados para profundar na súa psicoloxía e experiencia persoal.

O resultado final subliña o contraste, semella como un filme de acción tradicional cando o que atopamos é basicamente a inacción.

É un filme de acción, mais no sentido psicolóxico do termo. A esencia do que os personaxes teñen que afrontar, en termos de desafío persoal e interacción humana, é puro dinamismo, como nun filme de acción. Cando me enfrentei por vez primeira ao proxecto non sabía realmente o que pensar. Non sabía onde me posicionar e agardo que ese sexa tamén o dilema do espectador, cuestionarse a si propio sobre a noción de verdade.

Houbo algún detalle no proceso de pesquisa que che axudase a desenvolver a historia?

Non é así como adoito traballar. Nunca tiven interese por coñecer as persoas reais nas que se basea a historia. Se as vise, deixaría de traballar a miña imaxinación. Non é un filme para un museo. De feito estou obsesionado coa «non verdade». En canto a inspiracións, gústanme os filmes de Sidney Lumet, en especial os que están inspirados en feitos reais —*Serpico*, *El príncipe de la ciudad*, *Tarde de perros*—. Gústame a idea de facer un filme popular a partir dunha cuestión moral central. Interésame o dilema dunha persoa que quereda facer as cousas ben e, sen maior motivo, sáelle todo moi mal. Temos un grupo de axuda humanitaria que decide ir auxiliar aos africanos e rematan perdendo a razón.

Semella un filme dunha produción meirande aos teus anteriores.

Financeiramente falando, ten o dobre de orzamento có meu filme anterior. Queríame dar a min propio a oportunidade de acadar maior popularidade cos meus filmes, sen mudar as ideas fundamentais que quero expresar co meu cinema. É a primeira vez que traballo con máis de 50 extras, moitos nenos, un grande equipo. Gravámolo en tres meses.

Houbo algunha escena particularmente difícil de gravar?

Si, a primeira escena na que os coches da misión humanitaria avanzan a través da vila fíxose baixo unha enorme tormenta de area como se pode ver na imaxe. Foi incríbel. Mais todos os días foron complicados. Tes unha morea de actores e gravamos cuns 60 nenos de menos de cinco anos. A última secuencia do filme, na que os nenos montan no coche, foi moi dura porque ía demasiada calor e tiñamos 20 nenos en cada coche, polo que só puidemos facer un plano de cada.

Publicado en <http://moveablefest.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME